

Oroso vístese de Entroido

Un ano máis, o Entroido xa está chamando ás nosas portas e dende o Concello de Oroso temos preparado un amplo e variado programa de actividades para todos os gustos e idades. Dende o gran Concurso de Disfraces con 3.170 euros en premios ata todo tipo de obradoiros e concursos. Escolle a túa e ámate a participar!!!

Obradoiro de máscaras:

- Nenos a partir de 6 anos: 4 e 5 de febreiro, de 16:30 a 18:30 h, no centro cultural. Prezo: 15€ (empadroados) e 18€ (non empadroados).

- Adultos: 3 e 6 de febreiro, de 16:30 a 18:30 h, no centro cultural. Prezo: 20€ (empadroados) e 23€ (non empadroados).

Concurso de receitas: "En galego sabe mellor":

O prazo de entrega remata o 11 de febreiro. Terán que ser típicas do Entroido, escritas en galego e mecanografadas (impresas en papel e cos datos persoais do autor). Ademais deberase presentar o prato elaborado o día 12 de febreiro. O premio para o gañador será unha cea para 2 persoas e para o finalista un libro de cociña. Maiores de 16 anos.

Concurso de máscaras:

O prazo de entrega remata o 11 de febreiro. Dúas categorías: infantil (7 a 12 anos) e adultos (a partir de 13 anos). Os premios na categoría infantil serán: un vale regalo en equip@t por valor de 70€ para o gañador e de 35€ para o finalista. Para os adultos, unha tablet para o gañador e unha cea para dúas persoas no restaurante Mariñaos para o finalista.

Festival do CRA:

Venres 13 de febreiro no centro cultural.

Animación á lectura: (anotarse na biblioteca)

- Sábados 7, 21 e 28 de febreiro ás 11:00h. Contos e obradoiros "Fabulas fabulosas", na Biblioteca Municipal.

- Venres 20 de febreiro, ás 18:00h, club de lectura "En busca do libro perdido".

- Venres 27 de febreiro, ás 18:00h, obradoiro "Animario fantástico".

Concurso de disfraces:

Sábado 14 de febreiro. Saída ás 18:00h do Pavillón de Deportes e percorrido polas rúas de Sigüeiro amenizado polo grupo de percusión da Aula de Música. Entrega de premios dos concursos de receitas e máscaras. Habrá animación, inchables, mascotas, premios, música e moita diversión.



Obradoiro reposteiro de cupcakes de Entroido:

Luns 16 de febreiro. Dirixidoa nenos de 3 a 8 anos (de 12:00 a 13:30 h.) e maiores de 9 anos (de 10 a 11:30 h.). Gratuito. Inscricións previas no centro cultural.

Festa de disfraces:

Luns 16 de febreiro, ás 19:00h, no centro cultural. DISCOMÓBIL para nenos con DJ, máquina de pompas e de fume!.

Obradoiro de filloas:

Mércores 18 de febreiro, de 11 a 12:30h. Dirixido a nenos de máis de 6 anos. Inscricións no centro cultural.

Baile de maiores:

Sábado 28 de febreiro, ás 19:30 h, con "JJ y Son".

Máis información e bases no Centro Cultural ou na páxina web: www.concellooroso.com.



Vista da rúa do Portiño

A piques de comezar as obras no Portiño, ás que seguirán a rúas Lengüelle e Grabanxa



Ao longo dos próximos días darán comezo as obras de reparación de beirarrúas, da rede de alumeadado público e da recollida de augas pluviais nas rúas Portiño e Cega (Sigüeiro). Trátase dun proxecto no que o Concello de Oroso investirá 108.384 euros e cuxas obras estarán rematadas nuns 5 meses. As obras

inclúen o rebaixado dun tramo de 336 metros de beirarrúas na rúa do Portiño para que todas queden á mesma altura e sexa máis accesible a toda a veciñanza. Ademais, colocaranse 9 novos puntos de luz na rede de alumeadado público, renovarase a recollida de pluviais na zona e pavimentarase en aglomerado da rúa Cega.

As obras de reurbanización e humanización de Sigüeiro non rematarán co Portiño, senón que para o mes de marzo está previsto o inicio da reurbanización da rúa Lengüelle e o Concello xa está traballando para sacar canto antes a mellora da rúa da Grabanxa, concretamente no tramo entre a praza da Foca e Rúa do Deporte. Finalmente, tamén están a piques de comezar as obras das beirarrúas da avenida de Compostela, que mellorarán a seguridade dos peóns que camiñen entre o edificio da Renault e a rúa Álvaro Cunqueiro, onde está o novo colexio.



Convocados cinco módulos do prestixioso CCNA Cisco

O Concello, a través da **Aula Mentor** EducaOroso, convoca 5 módulos dos cursos CCNA Cisco, unha certificación universalmente recoñecida como un estándar da industria para o deseño e soporte en redes LAN e Wan que garante que os estudantes certificados gozan dun alto nivel de coñecementos. Estes cursos comezarán a impartirse o 9 de febreiro e o prazo de matrícula estará aberto ata o 5 de febreiro na Aula Mentor (rúa do Deporte 7, Sigüeiro), no 981 688 950 ou a través da web municipal: www.concellooroso.com. Nesta convocatoria, o Concello de Oroso mantén o módulo 4 dos itinerarios Discovery e Exploration do CCNA Cisco 4 e incorpora o terceiro módulo do novo currículo CCNA Cisco 5 Routing and Switching.



Novas sesións da escola de pais e nais "Espazo de Familia"

Tras a paréntese do Nadal, o Concello retomou en xaneiro as actividades da súa escola de pais e nais "Espazo de Familia". Trátase dunha iniciativa dirixida ás familias do alumnado do Centro Rural Agrupado (CRA) de Oroso que ten lugar os últimos martes de cada mes no local social de Vilarromariz (ás 16:15 horas).

Tras a primeira reunión sobre "Conciencia e alimentación", impartida por Ana Torres, naturópata do herbolario "A Casa Verde" (Sigüeiro), a próxima cita será o martes 24 de febreiro. "Espazo de Familia" é unha iniciativa do Concello de Oroso que se está a consolidar como un punto de encontro para que os pais e nais reflexionen e afonden de xeito colectivo nos temas que máis lles preocupan sobre a educación dos seus fillos.



O alcalde de Oroso constata a boa calidade das augas saídas da EDAR de Sigüeiro

O alcalde Manuel Mirás, e os concelleiros de Medio Ambiente, Xosé Castro; e de Obras, Eduardo Veiras, visitaron as instalacións da estación depuradora de augas residuais (EDAR) de Sigüeiro, acompañados por técnicos de ViaQUA, empresa concesionaria do servizo integral de auga no municipio e encargada da xestión da EDAR dende 2002. Unha visita na que Mirás constatou "tanto a boa calidade da auga tratada que se verte ao río Tambre unha vez depurada, dando cumprimento á lexislación vixente, como o correcto estado da instalación, aínda que é susceptible dalgunhas melloras". Así, a EDAR de Sigüeiro, que entrou en funcionamento no ano 2000 e que trata as augas residuais procedentes dos núcleos de Sigüeiro e Oroso, precisa dunha actuación de mellora no sistema de desbaste e no sistema de aireación no reactor biolóxico, froito do lóxico desgaste da instalación nestes anos, así como dunha mellora do nivel de automatización das instalacións.



Visita á EDAR de Sigüeiro



A aprobación definitiva dos orzamentos desbloquea o inicio de varias obras

Os orzamentos de Oroso para 2015, que ascenden a 5,2 millóns de euros e destinan máis de 1,2 millóns a obras, veñen de ser aprobados definitivamente tras ser rexeitadas no pleno municipal as alegacións presentadas polo PP e polo PG. Para o alcalde Manuel Mirás "a proposta do PP é respectable", pois pedía un plan para o comercio local, pero rexeitou os recortes que propoñían. "Non estou por recortar en cultura e moito menos en eventos como a Festa da Troita, a Festa da Xuventude ou a Festa dos Maiores, que traen moita xente ao noso concello e supoñen tamén unha importante fonte de ingresos para o noso sector comercial", di o alcalde.

Mirás lamentou que estas propostas ou alegacións como as que ano tras ano presenta o PG "só servan para atrasar un mes a entrada en vigor dos orzamentos e facer agardar á veciñanza por obras como as que imos facer nos próximos meses". Proxectos como a urbanización do acceso á nova gardería de Sigüeiro, o punto de reciclaxe, as beirarrúas na N-550 para o acceso ao novo colexio, o centro cívico de Oroso, a mellora da rede viaria en Burgao-Piñeiro, Castro-A Costa e A Costa (Trasmonte) e A Pena, Alto de Vilanova-Vilacide de Arriba e en Vilacide de Abaixo (Oroso), o saneamento de O Barreiro (Sigüeiro), melloras nos vestiarios do polideportivo...



O pleno rexeitou as alegacións da oposición e que atrasaron máis dun mes a entrada en vigor dos orzamentos



Encontros co alcalde: Mirás anuncia un plan de arranxo de pistas entre aldeas

O Concello de Oroso desenvolverá no 2015 un plan de arranxo das pistas que unen as distintas aldeas do municipio. Así o anunciou Manuel Mirás no **Encontro co Alcalde** de Vilarromariz, no que participaron máis de 40 persoas. O alcalde comprometeuse a solventar as peticións dos veciños, como a reparación do local social (onde entra auga por un lateral) e facer un espazo cuberto ao seu carón para poñer unha parrilla, botar aglomerado asfáltico na estrada de Valverde a O Curro e mellorar o alumeadado público na zona. Pola súa banda, o concelleiro de Medio Ambiente, Pepe Castro, explicou que xa se retellou a igrexa e que se fixeron todos os trámites para cambiar o cruceiro de sitio, estando á espera da autorización de Patrimonio para que o palco da festa non vaia de costas á igrexa. Ademais, anunciou que en breve os veciños poderán estrenar os equipos de actividades biosaudables.



Tras Vilarromariz, os próximos Encontros co Alcalde terán lugar en Cardama e Porto Avieira, en datas por determinar

OBRADOIRO DE MÁSCARAS

NENOS/AS (a partir de 6 anos)
 Días: 4 e 5 de febreiro Lugar: centro cultural
 Horario: 16:30 a 18:30 Prezo: 15€ empadroados (material engadido)

ADULTOS/AS
 Días: 20, 23, 27 e 30 de xaneiro e 3 e 6 de febreiro
 Horario: 16:30 a 18:30 Lugar: centro cultural
 Prezo: 20€ empadroados/as

Máis información no centro cultural ou no 981 490 903 ou www.concelloorosos.com

Espazo de familia **OROSO**

"Cociña saudable"

Punto de encontro para familias

PONENTE:
 Ana Torres
 Naturópata do HERBOLARIO "A CASA VERDE"

24 de febreiro de 2015
 Local social do CRA de Oroso
 Desde as 16:15 ata as 17:30 horas

CONCURSO DE MÁSCARAS

PRAZO: ATA O 11 DE FEBREIRO AS 14H NO CENTRO CULTURAL
 CATEGORÍAS E PREMIOS:
 INFANTIL (de 7 a 12):
 Gañador: vale regalo en equipo-t por valor de 70€
 Finalista: vale regalo en equipo-t por valor de 35€
 ADULTOS (+ DE 13 ANOS)
 Gañador: unha Tablet
 Finalista: cartón para dúas persoas

Máis información ou consultar as bases do concurso no centro cultural ou www.concelloorosos.com

Foi noticia...



Un broche de ouro ao Nadal

A gran Cabalgata e Festa de Reis, canda o Festival de Aninovo da Aula de Música de Oroso, puxeron o mellor punto e final ao programa de actividades de Nadal elaborado polo Concello de Oroso. E o fixeron da mellor forma posible: rexistrando en ambos casos unha gran participación por parte dos veciños e veciñas que deixou pequenos tanto o polideportivo como o centro cultural. Grazas a todos/as pola vosa participación!!!



A gran Cabalgata e Festa de Reis, canda o Festival de Aninovo da Aula de Música de Oroso, puxeron o mellor punto e final ao programa de actividades de Nadal elaborado polo Concello de Oroso. E o fixeron da mellor forma posible: rexistrando en ambos casos unha gran participación por parte dos veciños e veciñas que deixou pequenos tanto o polideportivo como o centro cultural. Grazas a todos/as pola vosa participación!!!



Uns 150 nenos e nenas do CEIP de Sigüeiro participaron nunha xornada sobre reciclaxe e levaron como agasallo un xogo de "Troii", que lles ensina a importancia de reciclar.



O campo municipal de Sigüeiro foi sé dun adestramento da Selección Galega de fútbol gaélico preparatorio do primeiro Mundial desta modalidade, que terá lugar en Abu Dhabi.



Xoel Costa, Brais Garea e Carlota Ramos recolleron os seus premios como gañadores do Concurso de Postais de Nadal con Mensaxe, convocado polo Concello de Oroso.

Axenda: Febreiro

3 Obradoiro de máscaras (adultos)

4 Obradoiro de máscaras (nenos)

5 - Obradoiro de máscaras (nenos)
- Fin inscricións nos cursos CISCO

6 Obradoiro de máscaras (adultos)

7 Contacontos "Fábulas fabulosas". (11:00 h)

11 Fin prazo para concurso receitas/máscaras

13 Festival do CRA

14 CONCURSO DE DISFRACES (18:00h)

16 - Obradoiro de cupcakes
- Festa de disfraces

18 Obradoiro de filloas (11:00 h)

20 Club de lectura: En busca do libro perdido

21 Contacontos "Fábulas fabulosas". (11:00 h)

27 Obradoiro "Animalario Fantástico"

28 - Contacontos (11:00)
- Baile maiores (19:00)